

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 11 DE NOVEMBRO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Proxecto de Lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, pola que se establecen medidas de prevención e protección integral contra a violencia no sistema de saúde de Galicia.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Decreto polo que se regula o Foro do Litoral de Galicia.
- Decreto polo que se modifica o Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Ribadumia duns treitos da rede de estradas da deputación Provincial de Pontevedra.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Tomiño dun treito intermedio da estrada PO-552 de 1.030 metros de lonxitude, xunto co seu dominio público viario (DPV).

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se ratifica a Resolución da directora xeral de Asuntos Constitucionais e Desenvolvemento Lexislativo, do 23 de outubro de 2025, en que se ordena, por razóns de urxencia, a interposición de recurso contencioso-administrativo contra o Real decreto 658/2025, do 22 de xullo, polo que se regulan as medidas que se adoptarán en situacións de continxencia migratoria extraordinaria para a protección do interese superior da infancia e a adolescencia migrante non acompañada.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se ratifica a Resolución da directora xeral de Asuntos Constitucionais e Desenvolvemento Lexislativo, do 28 de outubro de 2025, en que se ordena, por razóns de urxencia, a interposición de recurso contencioso-administrativo contra o Real decreto 743/2025, do 26 de agosto, polo que se aproba a capacidade ordinaria do sistema de protección e tutela de persoas menores de idade estranxeiras non acompañadas das comunidades e cidades autónomas.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Folgoso do Courel para a construción dun edificio de servizos na área recreativa de Mogoxe, por importe total de cento cincuenta mil euros (150.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Vigo para o período 2026-2027, por importe anual dun millón trescentos trinta mil cincocentos sesenta e seis euros con setenta e tres céntimos (1.330.566,73€).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se toma razón da convocatoria da manifestación de interese para impulsar a posta en marcha do mercado voluntario de créditos de carbono de Galicia.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo ao procedemento de asignación de concerto social para a execución do programa de acollemento residencial dirixido a nenos, nenas e adolescentes con medida de protección e problemas de saúde mental, no centro de menores Casa da Quintán en Pontecaldelas (8 prazas). Tramitación anticipada do gasto. Importe do orzamento do servizo: dous millóns douscentos corenta e nove mil cento setenta e tres euros con noventa e seis céntimos (2.249.173,96€). Valor estimado: seis millóns catrocentos vinte e dous mil catrocentos sesenta e tres euros (6.422.463,00€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón sobre a resolución da convocatoria de axudas á valorización, segunda transformación e ecoinnovación de produtos forestais e á dixitalización e mellora da seguridade e saúde na contorna laboral da industria forestal galega e do contract (código de procedemento IN500B) – Axudas “XERA-valor”.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e, definitivamente, o proxecto de trazado Primeira fase da prolongación da autovía da Costa da Morte. Treito: Santa Irena-AC-432. Actualización, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de trinta e seis millóns cento oito mil cincocentos corenta euros con noventa e seis céntimos (36.108.540,96 €).
- Acordo polo que se toma razón da tramitación do expediente de aceptación de solo cedido polo Concello de Arteixo á Sociedade Vivenda Pública de Galicia, S.A. (Vipugal), así como da licitación pola mesma sociedade do contrato de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción dun edificio de 14 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos na parcela UA-43 P11, na rúa Aguceira, en Vilarrodís, concello de Arteixo (A Coruña), por un importe de licitación de cento vinte e catro mil cento oitenta e dous euros con dezaioito céntimos (124.182,18 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación polo procedemento aberto, dos servizos de xestión de proxecto, servizos de soporte técnico, servizo de entrega, servizos de consultoría de comunicación e contidos sobre os portais web e sobre aplicacións en mobilidade accesibles a través da internet e intranet do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de licitación dun millón trescentos vinte e oito mil seiscentos trinta e oito euros con oito céntimos, con IVE (1.328.638,08 €) e un valor estimado de catro millóns seiscentos once mil oitocentos un euros con sesenta céntimos, sen IVE (4.611.801,60 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Ferrol para o proxecto de renovación, restauración de patoloxías e modernización do centro cultural Torrente Ballester para a súa adecuación como museo, por importe de cincocentos doce mil novecentos vinte e cinco euros con setenta céntimos. (512.925,70€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Diocese de Mondoñedo-Ferrol para realizar intervencións de conservación na Concatedral de San Xiao de Ferrol (A Coruña) e na Catedral de Mondoñedo (Lugo), por importe total de oitocentos dezaioito mil cento oitenta e oito euros con trinta e cinco céntimos (818.188,35€), que comprende as anualidades de 2024, 2025 e 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais a realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida e a exoneración de constituír garantía para os pagamentos anticipados e á conta na Resolución pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, a festivais de artes escénicas e a súa convocatoria para o ano 2026, por importe de douscentos noventa mil euros (290.000€), tramitado como anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual e a superar a porcentaxe en pagamentos anticipados, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2026, por importe total de corenta e oito millóns cento trece mil cento vinte e sete euros (48.113.127,00 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón do acordo de inicio e consulta pública previa do anteproxecto de Decreto polo que se regula o Rexistro das entidades de control e certificación dos produtos alimenticios de Galicia.

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre o procedemento de integración do persoal transferido pola Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre o Plan de nova arquitectura pedagóxica: novas actuacións en centros públicos, anticipadas de gasto 2026.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre as actuacións en materia de prevención da violencia de xénero da Xunta de Galicia en 2025 e sobre a programación especial con motivo do 25N, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe balance sobre os apoios aos clústeres galegos. Ano 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre a execución orzamentaria das entidades locais galegas no exercicio 2024.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a licitación de obra pública en Galicia no ano 2025.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe epidemiolóxico de moluscos bivalvos de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA APROBA A MODIFICACIÓN DA LEI DE SAÚDE DE GALICIA PARA REFORZAR A PROTECCIÓN DO PERSOAL DO EIDO SANITARIO FRONTE ÁS AGRESIÓNS

- Destaca que Galicia será “a primeira comunidade en incluír sancións por agresións aos técnicos de emerxencias sanitarias e do 061”
- Inclúese a violencia dixital, ademais da física e verbal, como conduta reprochable
- Para protexer a vítima de violencia no ámbito sanitario, prevese a posibilidade de cambiar a persoa infractora de profesional sanitario ou de centro, e tamén de garantir a mobilidade laboral da vítima se así o desexa
- O conselleiro de Sanidade resalta que no suposto de realización de gravacións en consulta sen consentimento, o profesional implicado poderá suspender a asistencia, deixando constancia na historia clínica e quedando en todo caso garantida a atención do paciente
- Introdúcese o Plan de prevención contra a violencia no ámbito sanitario e créase o Rexistro galego de actos de violencia externa no ámbito sanitario

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello aprobou hoxe o proxecto de Lei de modificación da Lei de saúde de Galicia, que suporá a posta en marcha de novas medidas para reforzar a protección dos traballadores da sanidade pública e privada ante calquera agresión. “A Xunta terá tolerancia cero coas condutas violentas que poñan en risco a integración do persoal nos centros sanitarios”, indicou.

“Queremos poñer os medios e recursos para previr e atallar todo acto violento contra as persoas que coidan e velan pola nosa saúde”, engadiu o conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, quen lembrou que para iso é preciso adaptar a actual normativa -do ano 2008- á realidade actual.

Entre as principais novidades, segundo explicou Rueda, está que “Galicia se converterá na primeira comunidade en considerar sancións por agredir técnicos de emerxencias ou do 061”. Así se comprometera a Consellería de Sanidade ante as asociacións que representan a estes traballadores, que teñen un alto nivel de exposición ao risco de agresións.

Ademais, a definición de profesional de ámbito sanitario tamén se amplía a persoal con outras funcións como a inspección de servizos sanitarios ou persoal das áreas de admisión e administración dos centros sanitarios.

Como resposta a novas formas de violencia, Rueda resaltou que a futura lei incluírá a violencia dixital exercida por pacientes, familiares ou acompañantes contra profesionais da sanidade, ademais da violencia física e verbal. O concepto esténdese para aplicarse a agresións fóra dos recintos sanitarios con ocasión das funcións dos seus profesionais e non só durante o seu propio exercicio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Dentro dos deberes da cidadanía, ademais do xenérico deber de respecto ao persoal que presta os seus servizos no sistema de saúde de Galicia, incorpórase o deber de respecto da súa honra e prestixio profesional. En correlación con ese deber, establécese o seu incumprimento como infracción sanitaria.

A reforma da Lei de saúde inclúe a modificación do capítulo de infraccións e sancións para dar un tratamento específico e distinto para as agresións e demais actitudes violentas, de xeito que se individualicen, tipifiquen e sancionen de maneira individualizada e singularizada de acordo coa súa gravidade.

Máis protección á vítima

Outra das novidades, tal e como explicou o conselleiro, é que nos supostos de infracción grave ou moi grave cometida no ámbito do Sistema público de saúde de Galicia, poderán acordarse sancións accesorias como a asignación á persoa infractora doutro profesional sanitario distinto e/ou a súa adscrición a un centro sanitario distinto da mesma localidade, por un prazo non superior a cinco anos.

Como garantía e medida de protección para o persoal do Sistema público de saúde Galego, vítima de violencia no ámbito sanitario, a nova lei prevé tamén a posibilidade de articular medidas de mobilidade.

Gómez Caamaño tamén indicou que o proxecto de lei "regula as gravacións sen consentimento en consultas", unha práctica que se considerará "unha quebra da confianza e que pode levar a que o profesional suspenda a asistencia", deixando constancia diso na historia clínica, quedando garantida, en todo caso, a atención sanitaria do usuario.

No mesmo sentido, o Servizo Galego de Saúde prestará apoio psicolóxico ao persoal agredido da sanidade pública. Cando así o precise, a Asesoría Xurídica da Xunta facilitará asesoramento legal sobre as accións e denuncias que caiba interpoñer.

O proxecto de Lei de modificación da Lei de saúde aprobado hoxe polo Consello da Xunta fai fincapé na prevención e introduce medidas de formación específica como a realización de actividades conxuntas con interlocutores policiais e sanitarios. Aínda que xa se están realizando formacións nos distintos centros de traballo, incrementarase con novas actividades como un curso en liña para autoformación.

Engádesse un artigo relativo ao Plan galego de prevención contra a violencia no ámbito sanitario, que será o instrumento que garanta o dereito de todos os profesionais a recibir asistencia e protección das administracións públicas e servizos de saúde no exercicio da súa profesión ou no desempeño das súas funcións. Será de aplicación en todos os centros asistenciais da sanidade pública e incluírá, entre outras cousas, medidas organizativas dirixidas a evitar as situacións de violencia no ámbito sanitario e atenuar os seus efectos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para avaliar a situación, créase o Rexistro galego de actos de violencia externa no ámbito sanitario, no cal se inscribirán todos os actos de violencia que resultasen sancionados.

Estas modificacións legais buscan ante todo previr actos de violencia externa que poidan sufrir os traballadores da sanidade pública que teñen como labor coidar da cidadanía. Para a súa redacción, a Consellería de Sanidade tivo en conta numerosas achegas de profesionais, asociacións e representantes dos traballadores.

O texto será agora remitido ao Parlamento para a súa tramitación e aprobación parlamentaria e entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REGULA AS FUNCIÓNS E COMPOSICIÓN DO FORO DO LITORAL PARA QUE SE CONVERTA NO MÁXIMO ÓRGANO DE CONSULTA E PARTICIPACIÓN PARA A ORDENACIÓN COSTEIRA

- O Consello aprobou hoxe o Decreto polo que se regula este espazo de consulta en que estarán representados, ademais da Administración autonómica, universidades, organismos e entidades relacionadas co desenvolvemento sustentable do litoral
- Concibido como órgano colexiado de referencia na materia, nace co dobre obxectivo de garantir o cumprimento dos principios xerais de xestión integrada que prevé a Lei do litoral e asegurar unha participación suficiente e eficaz dos sectores implicados
- Coa súa posta en marcha complétase o modelo de gobernanza da nova xestión do litoral de Galicia, unha vez constituídos tamén a Comisión interdepartamental de coordinación da ordenación do litoral e o Comité técnico de actuacións estratéxicas

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se regula a composición e o funcionamento do futuro Foro do Litoral de Galicia, que será o máximo órgano colexiado de consulta e participación para a ordenación da costa na Comunidade.

A creación desta nova figura prevese na Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia (Loxilga) e ten como obxectivo a construción dun espazo participativo e de consulta en que estean presentes, xunto á Administración autonómica, as universidades galegas, organismos científicos, organizacións representativas dos principais sectores produtivos galegos, entidades ambientais e aquelas cuxo obxectivo sexa a defensa e protección do patrimonio cultural do litoral.

En concreto e dado o seu carácter transversal, no Foro do Litoral estarán representados cun vogal as consellerías e departamentos autonómicos competentes en materia de turismo, deporte, investigación e coñecemento, patrimonio cultural e mar, mentres que a Presidencia e a Vicepresidencia do novo organismo recaerán sobre a titular da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, respectivamente.

Todas as entidades que integren o Foro do Litoral deberán velar polo cumprimento dos principios xerais de xestión integrada da costa que inspiran a Loxilga e, ademais, garantir a participación suficiente e eficaz dos sectores socioeconómicos nas estratexias, procedementos e proxectos relacionados coa ordenación costeira.

En concreto, este foro ten como obxectivos fundamentais actuar como órgano de asesoramento, análise e difusión de información periódica relativa á situación do litoral de Galicia. Tamén terá entre as súas funcións emitir informes e recomendacións; analizar e avaliar propostas normativas e proxectos relacionados coa ordenación da costa, e facer un seguimento e avaliación periódica da implementación dos instrumentos específicos e políticas de ordenación do litoral. Tamén fomentará a colaboración entre todas as institucións implicadas na costa e a participación cidadá.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A maiores, velará por un desenvolvemento sustentable da costa a través do asesoramento e proposta de medidas para a protección do ambiente litoral e a sustentabilidade dos recursos naturais, así como a adaptación da costa galega ao cambio climático.

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático someteu o proxecto de decreto ao trámite de consulta pública previa, en que se recibiron 11 achegas por parte de diferentes organismos e particulares, das cales moitas foron tidas en conta no texto definitivo do decreto, que hoxe aprobou o Consello da Xunta e que entrará en vigor aos 20 días naturais da súa publicación no *Diario oficial de Galicia*.

Coa aprobación deste decreto e a posta en marcha do foro, complétase o modelo de gobernanza da nova xestión do litoral de Galicia. Neste sentido, cómpre lembrar a constitución en outubro do ano 2024 da Comisión interdepartamental de coordinación da ordenación do litoral e, ligado á anterior, do Comité técnico de planificación e actuacións estratéxicas, sobre o que recaerá a responsabilidade de supervisar as medidas de carácter estratéxico previstas na Loxilga e constituído en xullo deste ano.

Desde a asunción o pasado 1 de xullo dos servizos e funcións para a xestión integrada da franxa costeira, a Xunta avanzou moito na súa folla de ruta Galicia litoral desde o punto de vista da gobernanza, e tamén da axilización e simplificación administrativas, destacando sobre todo a habilitación na sede electrónica dun novo formulario único para tramitar todas as solicitudes relacionadas coa obtención de títulos de intervención tanto no dominio público marítimo-terrestre coma na zona de servidume.

Ademais, nos últimos meses tamén se deron pasos clave coa posta en marcha e o desenvolvemento de actuacións estratéxicas previstas na lei, como o Catálogo de bens de valor cultural no litoral, en trámite de información pública ata o 1 de decembro.

Cambios na estrutura e RPT para integrar o persoal transferido

Seguindo con esta liña de impulso á xestión do litoral en clave galega, hoxe o Consello adoptou outros dous acordos derivados do traspaso á Comunidade das funcións e servizos de ordenación costeira. Por un lado, aprobou unha modificación da estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático co fin de crear unha subdirección xeral do litoral e dous servizos: o de protección do litoral para exercer as competencias en materia de protección, control e vixilancia, e o de planificación e coordinación, que impulsará os traballos de aprobación dos instrumentos de planificación e desenvolvemento de actuacións estratéxicas no ámbito costeiro.

Por outro lado, o Consello tamén foi informado do inicio da tramitación da relación de postos de traballo para integrar e equiparar o persoal estatal que foi transferido a Galicia —un total de 26 persoas— a raíz do decreto de traspaso publicado no mes de maio e que se materializou o 1 de xullo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE RIBADUMIA DE DISTINTOS TREITOS DE TRES ESTRADAS PROVINCIAIS INTEGRADAS NO MUNICIPIO

- Transfírense á Administración local o treito antigo de 358 m de lonxitude da EP-9305, Coirón–Ribadumia–Leiro; o treito final de 317 m da EP-9505, ramal Igrexa Barrantes; e o treito inicial de 305 m da EP-9506 Barrantes–Vilariño
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade o Concello de Ribadumia terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a súa conservación e mantemento

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Ribadumia do treito antigo da estrada EP-9305, o treito final da estrada EP-9505 e o treito inicial da EP-9506, vías provinciais integradas no municipio.

Trátase, concretamente, do treito antigo de 358 metros de lonxitude da EP-9305 Coirón–Ribadumia–Leiro, situado na marxe esquerda do punto quilométrico 9+100; e do treito final de 317 m de lonxitude da EP-9505, ramal Igrexa Barrantes, desde o quilómetro 0+562 ata o 0+879.

Neste acordo, inclúese a transferencia tamén do treito inicial de 305 m de lonxitude da EP-9506 Barrantes – Vilariño, desde o quilómetro 0+115 ao 0+420.

O Concello de Ribadumia e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio en que estableceron a transferencia de titularidade destes treitos das citadas vías.

A Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable ao cambio de titularidade destes treitos das estradas provinciais.

A transferencia destes treitos a prol do Concello de Ribadumia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O Departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Ribadumia terá a competencia para actuar no correspondente treito antigo da estrada provincial EP-9305, así como nos citados treito final da estrada EP-9505 e treito inicial da EP-9506.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano dos treitos das vías provinciais obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:

Treito EP- 9506: Barrantes–Vilariño:




Treito EP-9505: Ramal da igrexa de Barrantes

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Treito: EP-9305: Coirón-Ribadumia–Leiro



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE TOMIÑO DUN TREITO DA ESTRADA PO-552, AO PASO POLA PARROQUIA DE GOIÁN

- O Concello de Tomiño solicitou á Axencia Galega de Infraestruturas o cambio de titularidade deste tramo que ten un marcado carácter local e urbano
- Trátase dun treito de 1.030 metros de lonxitude, entre a avenida Ordóñez e a glorieta da PO-553, no punto quilométrico 57+740
- Co cambio de titularidade, ao Concello de Tomiño correspóndenlle todas as actividades de xestión, mantemento e explotación do treito transferido
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Tomiño dun treito da estrada PO-552, ao paso pola parroquia de Goián.

O Concello de Tomiño solicitou á Axencia Galega de Infraestruturas o cambio de titularidade deste treito de 1.030 metros de lonxitude, entre a avenida Ordóñez, no punto quilométrico 56+690 da vía, e a glorieta da PO-553, no punto 57+740.

Desde o punto quilométrico 48+490 ao 57+740, a estrada PO-552 ten categoría funcional de rede local. Ademais, entre os puntos 55+860 e 57+200, a estrada discorre por solo clasificado como urbano polo planeamento vixente no Concello de Tomiño, presentando un marcado carácter local e urbano.


A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, ao Concello de Tomiño correspóndenlle todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación do treito transferido.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano do treito obxecto da transferencia hoxe autorizada:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RECORRE NO TRIBUNAL SUPREMO CONTRA OS DECRETOS DO GOBERNO CENTRAL QUE REGULAN O TRASLADO DOS MENORES MIGRANTES NON ACOMPAÑADOS

- Rueda asegura que se trata dun reparto inxusto e inconstitucional e lamenta a falta de coordinación do Executivo estatal coas autonomías
- O argumento da impugnación é a inconstitucionalidade das normas, ao igual que se fixo coa reforma da Lei de estranxeiría que 11 comunidades, entre elas Galicia, levaron ao Constitucional

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello ratificou a resolución adoptada pola Asesoría Xurídica de presentar dous recursos contencioso-administrativos diante do Tribunal Supremo fronte aos dous reais decretos aprobados este verán polo Goberno central, os cales regulan os traslados obrigatorios de menores migrantes non acompañados e a capacidade ordinaria de acollida das comunidades autónomas.

Trátase das dúas normas que desenvolven o Real decreto lei 2/2025, do 18 de marzo, a través do cal o Executivo central impuxo unha distribución de menores chegados a Canarias, Ceuta e Melilla entre as distintas comunidades e dos cales máis de 300 virán a Galicia.

Tal e como lembrou Rueda, Galicia, xunto con "outras dez comunidades autónomas", xa recorreu previamente ao Tribunal Constitucional contra o devandito real decreto lei do pasado mes de marzo, ao entender que invade competencias autonómicas, xa que o sistema de protección á infancia, como ditaminou o Consello Consultivo, é unha competencia exclusiva das autonomías.

Por iso, a Xunta actúa con coherencia e os recursos presentados agora no Tribunal Supremo teñen a mesma argumentación, ao considerar que os decretos que desenvolven a Lei de marzo arrastran os mesmos vicios de inconstitucionalidade. Así mesmo, a Xunta denuncia que no que levamos de ano o Goberno central aínda non achegou financiamento ningún para o acollemento destes menores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A OFERTA DE TURISMO DE NATUREZA E ETNOGRÁFICO DE FOLGOSO DO COUREL COMPLEMENTANDO A ÁREA DE LECER DE MOGOXE

O Consello da Xunta autorizou un convenio co concello lucense para este proxecto que incrementará os servizos dirixidos á poboación residente e o atractivo turístico local

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Folgoso do Courel para a construción dun edificio de servizos na área recreativa de Mogoxe que incrementará o potencial turístico deste municipio do interior de Galicia ao completar a dotación dunha zona de lecer que complementa os atractivos locais de patrimonio natural e etnográfico.

Deste xeito, esta área contará cun edificio de servizos que poderá albergar un establecemento hostaleiro que complete o espazo cunha oferta de servizos de bar e restauración que disporá, ademais, dunha ampla zona exterior para responder ao previsible aumento da demanda estival. Esta actuación contribuirá a fixar poboación no rural, mellorando a calidade de vida da poboación residente en canto a un maior número de servizos e tamén incrementando o atractivo turístico do concello.

O novo edificio disporá, ademais, dunha zona para almacén e os locais auxiliares para albergar os equipos para o funcionamento e mantemento e as instalacións necesarias para proporcionar enerxía ao conxunto da área recreativa. Turismo de Galicia investirá nesta actuación 120.000 euros distribuídos nas anualidades 2025 e 2026. O convenio estará vixente ata o 31 de decembro de 2026.

A totalidade das obras executaranse nunha parcela de carácter público e de titularidade municipal, incluída dentro do lugar de interese comunitario Ancares-Courel, que forma parte da Rede Natura 2000, con gran valor ambiental e paisaxístico en Galicia, destacando pola súa riqueza xeolóxica e forestal.

O convenio aprobado hoxe polo Consello da Xunta dá continuidade ás actuacións realizadas para crear a área recreativa de Mogoxe, realizadas ao abeiro dunha colaboración asinada en 2021 entre Turismo de Galicia, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (CMATV) e o Concello de Folgoso do Courel.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INICIA A TRAMITACIÓN DA PRÓRROGA DO CONVENIO DA ÁREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE VIGO, QUE SUPÓN UN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE 1,3 M€ AO ANO

- A proposta de acordo dá continuidade ao convenio formalizado en 2021, que supón bonificacións e vantaxes para as persoas usuarias de 12 concellos da contorna
- A través da medida, o Goberno galego contribúe co 80 % da bonificación no traxecto principal, así como ao financiamento do 100 % nos transbordos e outros descontos adicionais

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a sinatura da prórroga do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de Vigo, cun investimento autonómico de 1,3 millóns de euros ao ano, un 11 % máis do estimado para 2025. A medida garante o mantemento das bonificacións nas tarifas do autobús metropolitano aos viaxeiros de 12 concellos da área, que achegarán en conxunto máis de 350.000 euros ao ano. A prórroga establécese para o período 2026-2027. Con todo, prevese a súa finalización cando se implante a Área de Transporte de Galicia.

Deste xeito, a proposta de acordo someterase á aprobación na comisión de seguimento do Plan de transporte metropolitano desta área para darlle continuidade ao acordo de fomento do transporte público asinado en 2021, que supón importantes aforros económicos para as persoas usuarias. No marco deste convenio, a Xunta continuará a financiar o 80 % do desconto que se aplica nos billetes metropolitanos, ademais do 100 % dos transbordos, que son gratuítos entre os medios integrados, e as bonificacións adicionais aos usuarios recorrentes (15 %) e membros de familias numerosas, de ata o 50 %. Pola súa banda, os concellos achegarán o 20 % da bonificación das tarifas metropolitanas.

Ademais, sobre os prezos bonificados do transporte metropolitano que establece o convenio, a Xunta aplica a minoración adicional do 40 % que cofinancia co Estado no transporte interurbano por estrada.

A maiores, cómpre destacar que esta área inclúe o transporte de ría entre Vigo e as vilas de Cangas e Moaña, que representa case o 40 % do total de viaxes bonificadas. Neste caso, a diferenza do que acontece no transporte por estrada, en que o Estado asume unha parte da bonificación adicional, nos corredores marítimos o desconto é asumido íntegra e voluntariamente pola Xunta, ao non estar previsto polo Estado.

Ademais, a veciñanza dos concellos desta área poderá beneficiarse dos descontos da tarxeta da mobilidade de Galicia (TMG) no transporte interurbano da comunidade, así como da gratuidade de 60 viaxes mensuais para menores de 21 anos coa tarxeta Xente Nova e para os maiores de 65 anos coa Tarifa +65.

A ATM de Vigo inclúe os concellos de Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Moaña, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Soutomaior. Vigo non se atopa incluído ante a negativa do Concello de integrar o autobús urbano no Plan de transporte metropolitano.

Estes municipios están conectados por unha rede de autobús interurbano conformada por máis de 280 liñas, que prestan servizo en máis de 3.000 paradas funcionais e nas cales se ofrecen máis de 220.000 servizos ao ano en máis de 5,9 millóns de quilómetros de servizo. Canto á evolución da demanda total da ATM, rexistráronse máis de 4,6 millóns de viaxes en 2024, un 7,5 % máis que en 2023, e ata setembro deste ano a cifra de viaxeiros rexistra outro incremento dun 3 % con respecto ao mesmo período do ano pasado.

A prórroga do convenio formalizarase coa sinatura por parte da Xunta e os concellos na comisión de seguimento antes de que finalice o mes de novembro. Así, sumarase ás formalizadas o ano pasado nas áreas da Coruña, Ferrol, Lugo e Santiago de Compostela, cun investimento total nas 5 áreas de máis de 8 millóns, dos cales máis de 6,3 millóns corresponden á Xunta. A medida garante o mantemento das bonificacións nas tarifas do autobús metropolitano aos viaxeiros de 65 concellos das áreas das cinco cidades, entre eles os 12 da área viguesa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LANZA UNHA CONSULTA ABERTA A EMPRESAS, ENTIDADES PÚBLICAS E PRIVADAS E CIDADANÍA CO FIN DE IDENTIFICAR SECTORES ESTRATÉXICOS PARA ACTIVAR O PRIMEIRO MERCADO VOLUNTARIO DE CARBONO DE GALICIA

- O obxectivo do acordo aprobado hoxe polo Consello é optimizar a posta en marcha o ano que vén deste novo sistema, que busca compensar as emisións contaminantes con proxectos que demostren a súa capacidade de absorber ou de evitar CO₂
- Abrirase un proceso participativo durante un mes para recibir ideas e iniciativas susceptibles de formar parte das primeiras transaccións de créditos de carbono
- A partir desta información, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático comezará a traballar nas metodoloxías de cálculo para seleccionar os proxectos
- Tras a publicación en outubro do decreto que regula o sistema galego de créditos de carbono e a licitación da plataforma dixital que permitirá realizar as operacións, o obxectivo é que o mercado voluntario empece a funcionar ao longo de 2026 e sexa unha ferramenta útil e transparente para avanzar cara á neutralidade climática

O Consello da Xunta autorizou hoxe lanzar unha consulta aberta á participación de empresas, entidades tanto públicas como privadas e cidadanía en xeral co obxectivo de identificar os sectores prioritarios e estratéxicos na comunidade para impulsar a posta en marcha do primeiro mercado voluntario de carbono de Galicia, unha iniciativa concibida para compensar emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) mediante a compra de créditos xerados por proxectos que eviten ou capturen CO₂.

Grazas a este traballo previo, poderanse focalizar a atención e os esforzos naquelas áreas cun maior potencial para desenvolver proxectos concretos de absorción ou de redución de emisións e, polo tanto, susceptibles de participar nas primeiras transaccións de créditos de carbono que se materialicen ao abeiro do novo sistema.

Para canalizar este proceso, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático optará pola fórmula da manifestación de interese, un procedemento que permite pulsar de forma directa a opinión das entidades potencialmente interesadas nunha iniciativa en concreto, recollendo suxestións, ideas e datos sobre as necesidades reais dos diferentes colectivos a que vai dirixida.

O obxectivo, neste caso, é optimizar a futura posta en marcha do sistema voluntario de créditos de carbono en Galicia —ao que a Xunta destinará un orzamento de 6,8 millóns de euros— identificando, de entre todas as áreas e sectores de actividade que inciden sobre as emisións GEI, aqueles polos que se debería comezar a traballar e que marcarán a folla de ruta que se seguirá para impulsar as primeiras transaccións.

Deste modo e tendo en conta toda a información que se recompila durante o proceso, identificaranse as tipoloxías de actividades que a Xunta priorizará á hora de desenvolver e de aprobar as correspondentes metodoloxías de cálculo, que serán o conxunto de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

criterios que se aplicarán na selección dos proxectos participantes no sistema e tamén se utilizarán para facer unha estimación obxectiva dos créditos que pode xerar cada un.

A importancia deste desenvolvemento metodolóxico é clave xa que para que unha iniciativa se incorpore ao mercado de carbono e se recoñezan e comercialicen os seus créditos terá que acreditar antes que se axusta aos criterios fixados.

Tras o acordo desta mañá, a Xunta está xa en disposición de abrir o proceso participativo para impulsar o mercado voluntario de carbono, ao cal se lle dará publicidade nos próximos días co anuncio da convocatoria a través da páxina web da Consellería de Medio Ambiente e que permanecerá aberto polo prazo dun mes.

Iniciativa pioneira en España

O futuro sistema de créditos de carbono da Xunta terá un funcionamento similar ao dun mercado virtual que busca poñer en contacto os promotores de actividades xeradoras de créditos de carbono cos potenciais interesados en adquirilos voluntariamente e con independencia de que teñan ou non a obriga legal de compensar as súas emisións.

Deste xeito, Galicia será pioneira en España xa que contará co primeiro mercado voluntario de carbono que, mediante a incorporación das novas tecnoloxías e de elementos innovadores, permita a empresas, entidades, organizacións e mesmo cidadáns realizar operacións de comercialización e velar polo seu seguimento posterior.

Entre as iniciativas que poderán integrarse no sistema e participar nestas transaccións estarían proxectos relacionados coa reforestación e conservación de bosques, coa restauración de ecosistemas mariños e costeiros, coa adopción de prácticas agrogandeiras rexenerativas ou co impulso e uso de enerxías renovables no eido industrial e construtivo, entre outros. Cada tonelada de CO₂ absorbida equivalerá a 1 crédito de carbono que se porá á disposición de beneficiarios ou de intermediarios.

Neste sentido, aínda que o sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta ten como obxectivo principal contribuír a acadar a neutralidade climática de Galicia —mediante o fomento de actividades que ou ben eviten a liberación de CO₂ ou contribúan a aumentar a súa capacidade de absorbelo—, suporá tamén unha oportunidade de desenvolvemento económico e ambiental para o conxunto da comunidade en eidos como o forestal, a economía azul e a acuicultura ou o enerxético.

Plataforma electrónica para xestionar as operacións

Para facilitar as operacións entre os promotores e os beneficiarios que adquiren os créditos dispoñibles porase en marcha unha plataforma electrónica que xestionará o novo mercado mediante transaccións verificables e certificadas, dotándoo así de rastrexabilidade e seguridade. Así, antes da súa incorporación ao sistema, todos os proxectos serán sometidos a un proceso de validación inicial que os certifique como iniciativas de absorción de carbono e a unha validación continua posterior que acredite o cumprimento das accións previstas e dos créditos xerados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O desenvolvemento da plataforma que dará soporte e garantirá a interoperabilidade do novo sistema de créditos de carbono farase no SICLE CO₂, un dos oito proxectos galegos escollidos este ano no marco da convocatoria de compra pública innovadora, financiada nun 40 % pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e nun 60 % con fondos europeos da liña FID, que busca apoiar solucións baseadas na I+D+i que non están dispoñibles no mercado ou que necesitan ser adaptadas.

De feito, o contrato para executar esta ferramenta tecnolóxica licitouse o pasado 21 de outubro por un importe de 6,07 millóns de euros e está previsto que se adxudique a principios do vindeiro ano.

Así mesmo, cómpre lembrar que uns días despois tamén se publicou no *Diario Oficial de Galicia* o decreto polo que se regula o sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta, así como os elementos para o seu funcionamento, os proxectos de absorción de carbono e de redución de emisións GEI ou o Comité técnico que se encargará da avaliación e das posibles revisións das súas metodoloxías de certificación.

Tendo en conta os pasos xa dados e o prazo de execución da plataforma de xestión do sistema, a previsión da Xunta é que o novo mercado voluntario de carbono poida estar operativo e se empecen a concretar as primeiras transaccións ao longo do ano 2026. Será unha ferramenta garantista, transparente e innovadora que contribuirá a lograr a neutralidade climática no horizonte do ano 2040, un compromiso incluído no proxecto da Lei do clima que actualmente se tramita no Parlamento e co que Galicia aspira a adiantar en 10 anos o prazo marcado pola Unión Europea.

Neste sentido, cómpre subliñar que a proposta da semana pasada do Consello de Ministros de Medio Ambiente da UE para impulsar unha modificación da Lei do clima con relación aos obxectivos de redución de emisións demostra que a política climática da Xunta está completamente aliñada coa visión das autoridades comunitarias, mostrando incluso un nivel de ambición superior.

Ademais, este tipo de decisións a nivel europeo confirma a importancia cada vez maior que vai ter a captura de carbono e a conservación dos sumidoiros naturais para avanzar cara á neutralidade climática, polo que a creación dun sistema voluntario de créditos de carbono é unha iniciativa idónea para impulsar este tipo de actuacións na Comunidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA O CONCERTO SOCIAL PARA A XESTIÓN DA MINIRRESIDENCIA CASA DA QUINTÁN EN PONTECALDELAS

Destinaranse 2,2 millóns de euros ata 2028 para garantir unha atención especializada a nenos e adolescentes cunha medida de protección e problemas de saúde mental

O Consello da Xunta desta mañá aprobou a convocatoria dun concerto social para a xestión do centro de menores Casa da Quintán en Pontecaldelas, especializado na atención a nenos e adolescentes cunha medida de protección e problemas de saúde mental. O orzamento destinado a este concerto é de 2,2 millóns de euros ata o 2028 con posibilidade de prorrogalo dous anos máis, sendo nese caso o valor estimado do concerto de 6,4 millóns de euros.

A Casa da Quintán dispón de oito prazas de acollemento residencial e os seus usuarios reciben unha atención socioeducativa e terapéutica especializada a cargo dun equipo de profesionais multidisciplinar. O obxectivo é conseguir unha melloría da situación emocional e o benestar dos menores, ao tempo que se acompañan e preparan para a vida adulta. Para iso, desenvólvese un amplo programa de actividades que inclúe, entre outras: obradoiros relacionados coa formación laboral e a orientación vocacional, con técnicas de busca de emprego, ou a aprendizaxe de habilidades para a vida independente.

Ademais deste centro, a Xunta conta con outros dous recursos específicos para nenos e adolescentes con trastornos de conducta: a minirresidencia Chavea Muíño Novo en Vilagarcía de Arousa e o centro de menores Montealegre de Ourense.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE TRAZADO DE PROLONGACIÓN DA AUTOVÍA DA COSTA DA MORTE ENTRE SANTA IRENA, EN VIMIANZO, E A ESTRADA AC-432

- O Goberno galego convocará os actos expropiatorios para, a continuación, licitar as obras antes de que remate o ano, por un orzamento de máis de 36,1M€
- Trátase de executar un novo tramo de 5,5 km de lonxitude, ata a intersección coa vía AC-432, que comunica Vimianzo e Camariñas
- A intervención neste novo tramo incluírá a construción de 2 enlaces e a previsión dun terceiro, 3 viadutos, 6 pasos superiores, 3 pasos inferiores e 6 obras de drenaxe
- A Xunta continúa a avanzar para darlle continuidade ao treito de autovía da Costa da Morte, que a Xunta puxo en funcionamento en 2016, con case 28 quilómetros libres de peaxe que comunican Carballo, Coristanco, Cabana de Bergantiños, Zas e Vimianzo
- O aumento na capacidade de gasto tras o rescate das concesións de peaxe en sombra permite ao Goberno galego seguir traballando a prol da vertebración territorial de Galicia, reservando 8M€ para este eixe nos orzamentos do 2026

O Consello da Xunta aprobou hoxe definitivamente o proxecto de trazado de prolongación da autovía da Costa da Morte, no treito entre Santa Irena, no concello de Vimianzo, e a estrada AC-432, cuxas obras se prevén licitar por un orzamento de 36.108.540 euros.

O Goberno galego prevé convocar os actos expropiatorios de levantamento das actas previas neste ano para, a continuación, licitar as obras antes de que remate o ano.

Con esta intervención, trátase de prolongar e darlle continuidade ao tramo de autovía da Costa da Morte, que o Goberno galego puxo en funcionamento no ano 2016, con case 28 quilómetros libres de peaxe que comunican os concellos de Carballo, Coristanco, Cabana de Bergantiños, Zas e o termo municipal de Vimianzo, ata Santa Irena.

Trátase dunha vía que supuxo unha mellora substancial, en tempo e seguridade, para os seus usuarios, pois máis de 6.000 vehículos percorren de media a diario esta autovía.

En concreto, o proxecto aprobado hoxe comprende o novo tramo de 5,5 km de lonxitude, ata a intersección coa AC-432, que comunica Vimianzo e Camariñas. Este treito construírse sobre unha traza con parte do movemento de terras xa executado.


A execución deste novo tramo incluírá a construción de 2 enlaces e a previsión dun terceiro, 3 viadutos, 6 pasos superiores, 3 pasos inferiores e 6 obras de drenaxe.

Cabe sinalar como estrutura máis singular do proxecto o viaduto sobre o río Vimianzo, que permitirá o cruzamento do corredor sobre esta contorna, entre os puntos kilométricos 7+005 e 7+249.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno galego, grazas ao aumento na capacidade de gasto tras o rescate das concesión de peaxe en sombra, segue traballando a prol da vertebración territorial de Galicia, comprometendo partidas orzamentarias para un dos grandes eixes de comunicación, como é a autovía da Costa da Morte, de 8M€ en 2026.

Plano cos principais actuacións no proxecto de trazado aprobado no Consello da Xunta:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACEPTA A CESIÓN DE SOLO DO CONCELLO DE ARTEIXO E LICITARÁ O PROXECTO PARA CONSTRUIR 14 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN VILARRODÍS

- O Goberno galego toma razón do expediente de aceptación da cesión gratuíta dunha parcela localizada na rúa Aguceira, para seguir ampliando o parque público residencial
- Nas vindeiras semanas licitarase por un orzamento de preto de 125.000 euros a redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción dun edificio de 14 novas vivendas na citada parcela
- O investimento estimado na execución das obras achegarase aos 2,7 M€
- O Executivo autonómico continúa avanzando no compromiso desta lexislatura de duplicar o parque público residencial, tendo neste momento xa en marcha preto de 3.000 vivendas
- O Goberno galego segue sen perder de vista o obxectivo de seguir avanzando nos compromisos da acción de goberno: duplicar o parque público residencial con 4.000 novas vivendas en 2028, tendo neste momento xa en marcha preto de 3.000
- A Xunta destinará 350M€ a políticas de vivenda no ano 2026, dos que 163M€ se destinarán a construción de novos fogares

O Consello da Xunta tomou razón hoxe da tramitación do expediente de aceptación de solo cedido gratuitamente por parte do Concello de Arteixo, que lle permitirá á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Sociedade de Vivenda Pública (Vipugal), impulsar a construción de 14 vivendas de promoción pública neste municipio coruñés.

Mantendo o compromiso firme do Executivo autonómico de duplicar o parque público de vivenda na comunidade para o ano 2028, a Xunta, recibiu o compromiso do Concello de Arteixo desta cesión da titularidade gratuíta da parcela UA-43 nº P-11, na rúa Aguceira en Vilarrodís, co obxectivo de habilitar vivenda protexida na vila e seguir incrementando o parque público residencial autonómico.

Deste xeito, na reunión de hoxe, o Goberno galego deulle tamén luz verde á licitación, por un orzamento que rolda os 125.0000 euros, da redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción dun edificio de 14 vivendas públicas, garaxes e rochos na citada parcela, que acada unha superficie de 380 m².

O investimento estimado na execución deste obras achegarase aos 2,7 M€.

A Xunta, a través de Vipugal, licitará estes contratos nas vindeiras semanas e os técnicos ou empresas adxudicatarias terán un prazo de cinco meses para a elaboración dos proxectos.

Con esta nova cesión de solo, Arteixo súmase á rede de concellos que están xa a colaborar coa Xunta para o desenvolvemento de vivenda pública. Esta rede inclúe

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

concellos como Pontevedra, Lugo, Teo, Lalín, A Estrada, A Coruña, Vilagarcía de Arousa, Ames, Carballo, Narón ou San Cibrao das Viñas.

O Goberno galego segue sen perder de vista o obxectivo de seguir avanzando nos compromisos da acción de goberno: duplicar o parque público residencial con 4.000 novas vivendas en 2028, tendo neste momento xa en marcha preto de 3.000 vivendas. A Xunta destinará 350M€ a políticas de vivenda no ano 2026, dos cales 163M€ se destinarán á construción de novos fogares.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA O INVESTIMENTO DE 1,3 M€ PARA CUBRIR AS NECESIDADES DO FUNCIONAMENTO DAS PLATAFORMAS TECNOLÓXICAS E A XESTIÓN DE CONTIDOS DOS PORTAIS WEB, INTRANETS, REDES SOCIAIS E AS APLICACIÓNS DO SERGAS

- Entre os portais xestionados polo departamento sanitario galego están a propia web do Sergas, o Observatorio de Saúde Pública ou Xenoma Galicia
- Xestionaranse tamén as canles complementarias aos portais web, utilizados pola cidadanía e usuarios e profesionais do sistema público de saúde
- O número de accesos aos portais web da Consellería de Sanidade superou no último ano os 16 millóns de visitas
- A presenza da Consellería de Sanidade nas redes sociais supera os 60.000 usuarios

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación, por 1,3 millóns de euros, dos servizos de xestión de proxecto, de soporte técnico, de entrega, de consultoría de comunicación e contidos sobre os portais web e aplicacións en mobilidade accesibles a través da internet e intranet do Servizo Galego de Saúde.

O prazo de execución previsto para esta contratación é de doce meses desde a súa sinatura e están previstas prórrogas por un máximo de 48 meses. Neste caso, o valor estimado do contrato chegaría ata os 4,6 millóns. Esta actuación está cofinanciada pola Unión Europea, a través do programa Feder de Galicia 2021-2027.

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde dispoñen dun conxunto de portais web de ámbito interno e externo, como a propia web do Sergas, o portal do 061, o Observatorio de Saúde Pública ou Xenoma Galicia, moi utilizados pola cidadanía e os profesionais sanitarios.

O número de accesos aos portais web da Consellería de Sanidade superaron no último ano os 16 millóns de visitas e os portais orientados a facilitar información aos profesionais da organización superaron os 13 millóns.

A cantidade de documentación indexada nestes portais sitúase por riba das 300.000 páxinas de contidos e máis de 85.000 documentos.

A Consellería de Sanidade conta, así mesmo, con máis de 500 espazos de colaboración entre os distintos profesionais. Estes espazos internos de coordinación superaron os dous millóns de accesos.

Accesibles para profesionais e cidadanía

Debido á súa utilidade para a organización, faise necesario ofrecer servizos de soporte de distintos niveis as 24 horas os sete días da semana aos seus usuarios, mantendo unha

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

permanente actualización de contidos, ao que hai que engadir o despregamento de novos portais, contornas de colaboración ou redes sociais.

Cómpre remarcar que a presenza na internet é na actualidade un mecanismo de comunicación imprescindible para calquera organización. O auxe e o crecente nivel de uso das tecnoloxías da información na sociedade fai que a comunicación se deba realizar cada vez máis a través destes soportes, tanto cara ao exterior da organización, dirixido á cidadanía, profesionais sanitarios e outras entidades (empresas e provedores), como tamén cara ao interior da organización.

Este novo modelo de aplicacións precisa ademais unha xestión das súas políticas de uso e seguridade, así como tarefas técnicas de configuración e despregamento que serán distintas en función do tipo de usuarios a que poden ir destinadas. Deste xeito, terán que ser accesibles desde o exterior da organización cando estean destinadas á cidadanía, ou accesibles desde dentro da organización cando se trate de aplicacións de uso interno para os profesionais do Sergas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A XUNTA POTENCIARÁ A INSERCIÓN NOS NOVOS OBRADOIROS DE EMPREGO INCREMENTANDO AS PRÁCTICAS E OS INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN E CUN EIXO NA PREVENCIÓN DOS LUMES

- Salienta que o Goberno autonómico destinará 48,1 M€ a esta convocatoria coa que se impulsará a empregabilidade da cidadanía da man das entidades locais
- Sinala que a formación práctica sobe ata representar o 65 % dos cursos, medran os incentivos á contratación para empresas e inclúense para os concellos
- 20 M€ destinaranse a obradoiros agrarios e de seguridade e medio ambiente, favorecendo a prevención –formación en labores como a limpeza das franxas secundarias– e a restauración dos territorios afectados polos lumes do verán
- Prevese a posta en marcha duns 100 obradoiros, que beneficiarán 1.970 persoas mediante itinerarios de nove meses que combinan formación e contrato laboral
- Resalta a posta en marcha de “catro programas piloto”, un por provincia, de obradoiros duais destinados á recuperación de territorio afectado polos lumes e outros catro no eido da edificación e da obra civil

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello aprobou hoxe o orzamento para unha nova edición dos obradoiros duais, que nesta ocasión priorizarán a formación no eido agrario e de prevención forestal co obxectivo de formar novos profesionais “para traballar na loita contra o lume e na recuperación das zonas afectadas pola vaga do verán”.

Para iso, a convocatoria de obradoiros duais de emprego 2026-2027 estará dotada de “case 50 millóns de euros”, 48,1 millóns de euros para organizar un cento de obradoiros dos cales se beneficiarán preto de 2.000 desempregados.

Tal e como explicou Rueda, un total de 20 millóns do orzamento da nova orde, cuxa publicación no DOG está prevista na segunda quincena deste mes, destinaranse especificamente a obradoiros que impartan certificados profesionais das familias agraria e de seguridade e ambiente, co fin de fortalecer a prevención e extinción de incendios forestais -con formación en labores coma a limpeza de franxas secundarias- e axudar na restauración dos territorios afectados polos lumes deste verán. Estes programas completaranse con outros orientados a cubrir necesidades clave de man de obra en cada municipio, como poden ser a construción ou a atención sociosanitaria, entre outras.

En total, prevese a posta en marcha de preto de 100 obradoiros en toda Galicia, que beneficiarán arredor de 1.970 persoas mediante itinerarios de nove meses que combinan formación e contrato laboral, limitados en xeral a tres por cada vida laboral, excepto nos casos dos relativos a familias agrarias.

Cómpre sinalar tamén que a Xunta continúa avanzando no seu modelo de Administración facilitadora. Así, nesta convocatoria reduciranse os prazos de resolución

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

e habilitarase ás entidades locais un anticipo do 100 % do importe correspondente á anualidade 2026, evitando que teñan que adiantar recursos propios. Ademais, tal e como sinalou o presidente, a data límite para o inicio dos proxectos será o 1 de xuño e reforzase a vertente práctica, que “terá que chegar como mínimo ao 65 % do tempo total”.

Con estas achegas, o programa reforzará a súa tripla dimensión: mellorar a inserción laboral das persoas con maiores dificultades de acceso ao emprego, fortalecer a colaboración institucional e dar resposta ás necesidades produtivas de cada territorio. Ademais, en 2026 sumarase a posta en marcha de catro programas piloto, un por provincia, de obradoiros duais destinados á recuperación de territorio afectado polos lumes —levados a cabo por comunidades de monte veciñais en man común— e outros catro no eido da edificación e obra civil en beneficio das infraestruturas municipais.

Detalles da convocatoria

Os obradoiros poderán ser solicitados por concellos, mancomunidades e entidades públicas dependentes. Cada proxecto contará cun grupo máximo de 20 participantes podendo recibir unha achega de ata 445.576 euros, que poderá acadar os 537.576 euros no caso de solicitar incentivos á contratación.

A selección do alumnado priorizará aquelas persoas con especiais dificultades de inserción laboral, como mulleres, vítimas de violencia de xénero, emigrantes retornados, persoas desempregadas de longa duración, maiores de 52 anos ou persoas sen titulación superior, así como persoas con discapacidade ou beneficiarias da renda básica de inserción. Durante os nove meses de duración do programa, o alumnado poderá obter un certificado de profesionalidade e realizar un traballo remunerado de interese público, abríndose ademais a posibilidade de continuar empregado durante un mínimo de tres meses nunha empresa do sector, grazas aos incentivos introducidos para favorecer a inserción laboral. Estes incentivos aumentan nesta convocatoria, pasando de 1.500 a 3.000 euros por persoa contratada nas empresas e incluíndo tamén unha compensación de 1.500 euros aos concellos por cada alumno ou alumna contratado tras finalizar o obradoiro.

A Xunta asume tanto o financiamento da formación como os custos salariais derivados dos contratos do alumnado traballador. Canto á temática, nesta edición, priorizaranse os proxectos que impartan certificados profesionais ligados á familia agraria e ás tarefas de prevención e extinción de incendios forestais, así como aqueles orientados á recuperación de soutos de castiñeiros ou á xestión de masas consolidadas de frondosas autóctonas. Igualmente, valoraranse de maneira específica os proxectos que prevean actuacións de restauración en territorios afectados polos incendios forestais do ano 2025.

Compromiso coas entidades locais

A Xunta de Galicia considera fundamental continuar avanzando da man dos concellos para incrementar as oportunidades laborais e contribuír ao equilibrio territorial. Neste

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sentido, xunto aos obradoiros duais, destacan outras convocatorias que se reforzarán en 2026 como os programas integrados de emprego, dotados con máis de 10 millóns de euros, ou Aprod Rural, con importantes novidades como as axudas para a contratación de coordinadores municipais de prevención de incendios e coa suba do orzamento en máis de 6 M€ ata acadar os 20 M€.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORARÁ CON 250.000€ NA ADECUACIÓN DO CENTRO CULTURAL TORRENTE BALLESTER DE FERROL

- O consello dá luz verde ao convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello para converter o espazo no futuro museo da cidade
- A partida recollida nos orzamentos de 2026 complementa o primeiro investimento de 10.000€ feito este ano para iniciar os traballos de recuperación do inmoble
- Cun custo total de máis de 500.000€, a actuación abrangue o acondicionamento de salas, a renovación das instalacións eléctricas ou a reparación de cubertas e fachadas
- A iniciativa responde ao compromiso do Goberno galego coa dotación das mellores infraestruturas culturais en todo o territorio ao servizo da cidadanía

A Xunta de Galicia colaborará con 250.000€ no proxecto de adecuación do centro cultural Torrente Ballester de Ferrol para mellorar os seus espazos e habilitalos para o seu futuro uso como museo da cidade. Así se acordou hoxe no Consello co visto e prace ao convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello para levar a cabo a actuación, que conta cun orzamento total de 512.000€.

A iniciativa responde ao compromiso que mantén a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude con dotar o territorio coas mellores infraestruturas culturais colaborando coas distintas administracións, especialmente as locais, e investindo en proxectos que poñen os recursos máis axeitados neste eido ao servizo da cidadanía.

Nesta liña, o Goberno galego afianza a súa implicación con Ferrol promovendo a posta en marcha das súas propias instalacións museísticas co obxectivo de que se convertan nun referente na comarca, e para o que precisa renovar, restaurar e modernizar un inmoble que leva o nome dun ilustre da cidade, un dos escritores galegos máis recoñecidos. Deste xeito, a intervención neste espazo, que polas súas condicións de conservación actuais non permite o uso como museo, está destinada a solucionar as patoloxías causadas por humidades e filtracións e as deficiencias que presenta na cuberta e nos acabados interiores e exteriores, ademais de renovar o sistema de protección contra incendios e as instalacións eléctricas e de eficiencia enerxética.

Traballos que se desenvolverán nas instalacións

A actuación prevista no Centro Torrente Ballester céntrase na mellora funcional e da calidade dos seus espazos. Así, desenvolveranse traballos que teñen que ver coa adecuación das salas de exposición e doutros espazos interiores como aseos ou almacéns, así como na substitución do mobiliario por elementos máis idóneos para un centro museístico moderno. A isto súmaselle a actualización dos sistemas contra incendios e de emerxencias, así como o cambio na iluminación e nas instalacións de ventilación do edificio.

No que ten que ver co exterior do inmoble levarase a cabo a reparación da cuberta coa reposición de tellas, a recolocación de pezas soltas e a revisión de encontros. Tamén se procederá á substitución da cuberta do patio cunha cubrición acristalada e prevese pintar as fachadas e urbanizar o lateral noroeste.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A execución das obras está prevista para 2026 cunha duración de seis meses a partir da súa adxudicación, e para o que a Xunta achega 240.000€. Os outros 10.000€ corresponden á anualidade de 2025 para a redacción do proxecto que xa foi entregado no pasado mes de outubro pola empresa adxudicataria.

Historia do inmovible

O proxecto orixinal do edificio, antigo Hospital da Caridade localizado no barrio da Magdalena, é de Dionisio Sánchez Aguilera, iniciado en 1783 e finalizado en 1796. En 1998 realízase un proxecto de reforma e ampliación a cargo de Juan Pérez-López de Gamarra para transformar o hospital en centro cultural.

Este proxecto estaba dividido en dúas fases, das que só se levou a cabo a primeira, reformando e rehabilitando o corpo da fachada principal, os dous corpos laterais e o patio central. A segunda prevía uns novos volumes traseiros que debían acoller un grande auditorio e outros novos usos para o que se propoñía unha nova entrada lateral.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA EN MÁIS DE 250.000€ O CONVENIO PARA RESTAURAR A CATEDRAL DE MONDOÑEDO

- O Consello autoriza a addenda de prórroga e modificación do acordo coa Diocese de Mondoñedo-Ferrol que permite ampliar tanto a partida como o prazo de execución
- Con este cambio, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude aumenta de 566.191€ a 818.188€ o seu investimento neste ben senlleiro
- Estas intervencións realízanse ao abeiro do Plan catedrais Galicia que conta cun orzamento de 38 M€ para acondicionar un total de oito templos

O Goberno galego incrementará en máis de 250.000€ o investimento nas obras de restauración da catedral de Mondoñedo, que se levan a cabo ao abeiro do convenio coa Diocese de Mondoñedo-Ferrol para o período 2024-2025. Así o autorizou hoxe o Consello da Xunta que lle deu o visto e praxe a addenda de prórroga e modificación desta colaboración, co que a achega final da Administración autonómica pasará de 566.191€ aos 818.000€ e permitirá incorporar unha nova anualidade, ampliándose as actuacións ata o ano 2026.

Cómpre lembrar que a Consellería de Cultura Lingua e Xuventude asinou en 2024 un Convenio de colaboración coa Diocese de Mondoñedo-Ferrol destinado non só a contribuír na restauración da catedral de Mondoñedo, senón tamén a levar a cabo obras de conservación na torre sur da concatedral de San Xiao de Ferrol.

No caso concreto de Mondoñedo, os traballos están encamiñados a reparar as vigas da cuberta solucionando ademais as patoloxías detectadas durante a restauración da estrutura. Estas obras iniciáronse hai un ano co traballo no taller de carpintaría. No entanto, as dificultades que xurdiron no desenvolvemento da intervención, así como un aumento de elementos estruturais substituídos, foi o que obrigou a redactar un proxecto modificado, ampliando o prazo e o investimento previsto.

No caso da concatedral de San Xiao, a achega da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude fixada no convenio asinado en 2024 foi de 318.000 euros para levar a cabo obras de restauración da torre sur, durante ese mesmo ano e en 2025, co obxecto de resolver a deterioración vencellada co paso do tempo, coas inclemencias meteorolóxicas e coa polución. Finalmente, estas actuacións remataranse no primeiro trimestre de 2026, polo que a addenda aprobada hoxe no Consello da Xunta posibilita reordenar, sen incremento dunha partida a maiores, os orzamentos xa fixados en 2025 para incorporalos en 2026 como nova anualidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Plan catedrais

Estas actuacións forman parte da liña de traballo da Consellería de cultura, Lingua e Xuventude para conservar e pór en valor o patrimonio máis sobranceiro da Comunidade ao abeiro do Plan catedrais Galicia 2021-2027.

Trátase da folla de ruta para actuar nos templos catedralicios de Galicia co horizonte de 2027 e conta con 38 millóns de euros para actuar en oito templos: as catedrais de Santiago de Compostela, Lugo, Mondoñedo, San Martiño de Ourense e Tui, a antiga catedral de San Martiño de Mondoñedo de Foz e as concatedrais de San Xiao de Ferrol e Santa María de Vigo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA ATA OS 290.000 EUROS A DOTACIÓN DAS SUBVENCIÓNS PARA FESTIVAIS PROFESIONAIS DE ARTES ESCÉNICAS

- O Consello dá luz verde a esta liña de apoio a mostras estratéxicas para o sector cun aumento do 3,5 % respecto da convocatoria de 2025, a través da cal se contribuíu ao desenvolvemento de 13 citas
- A publicación adiántase respecto a anos anteriores e autorízase a posibilidade de pagamentos anticipados de ata o 80 % para axilizar o acceso ao financiamento das entidades organizadoras e facilitarlles unha maior estabilidade na súa xestión

O Consello da Xunta aprobou hoxe as bases e a próxima convocatoria das subvencións de 2026 a festivais de artes escénicas, convocadas anualmente pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para a organización profesional de mostras consideradas estratéxicas neste sector cultural. Esta liña de axudas incrementa a súa dotación ata os 290.000 euros, un 3,5 % máis que este 2025, ano no que se contribuíu con 280.000 euros ao desenvolvemento de 13 mostras nas catro provincias.

Mantense así a tendencia ascendente no seu orzamento, que se reforza novamente tras o aumento de máis do 30 % experimentado en 2024. Co seu apoio, o Goberno galego recoñécelle a este tipo de citas o seu papel como dinamizadores culturais e como polos de atracción turística das súas contornas, ademais de como plataforma para unha maior proxección social da actual produción escénica de Galicia.

Outra das novidades ten que ver co adianto da súa convocatoria, que este ano se realizou en marzo, así como coa autorización do pagamento anticipado de ata o 80 % da subvención. Deste xeito, axilizarase o acceso ao financiamento autonómico por parte das entidades organizadoras dos devanditos festivais e contribuirase, xa que logo, á súa estabilidade e mellora na xestión das súas programacións.

Convocadas en réxime de concorrencia competitiva, poden optar a estas axudas empresas privadas e entidades locais galegas, así como asociacións, fundacións ou outras formas xurídicas sen ánimo de lucro, para a organización de festivais profesionais de artes escénicas con datas de celebración comprendidas entre o pasado 1 de novembro e o 31 de outubro de 2026.

Contratación de compañías galegas

Os certames candidatos deberán ter realizadas dúas edicións anteriores e programar un mínimo de seis compañías. Entre os requisitos exixidos, establécese tamén que o orzamento destinado á contratación artística deberá acadar o 40 % do total e del, cando menos, un 30 % deberá investirse en compañías compostas maioritariamente por artistas que desenvolvan a súa actividade profesional en Galicia. Ademais, un mínimo do 60 % da carteleira ten que ser de pago por parte do público, excepto nos festivais de rúa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A contía máxima da axuda é de 60.000 euros por proxecto, podendo alcanzar ata o 60 % do orzamento subvencionable. Esta porcentaxe elévase ata o 85 % no caso das solicitudes conxuntas de entidades locais ou daquelas resultantes de fusión

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REGULARÁ O REXISTRO DE ENTIDADES DE CONTROL E CERTIFICACIÓN DOS PRODUTOS ALIMENTARIOS DE GALICIA PARA GARANTIR A SÚA CALIDADE

- O Consello do Goberno galego avaliou hoxe o acordo de inicio e consulta pública previa do anteproxecto de decreto polo que se vai regular o contido, a estrutura e o procedemento de inscrición no rexistro
- Poden adherirse aquelas entidades que desenvolvan ou pretendan desenvolver a súa actividade na nosa comunidade para un alcance polo que non están recoñecidas por outra administración pública, e as que operen ou pretendan operar en Galicia e foran autorizadas por outra administración pública para un alcance concreto
- O labor que realizan estas entidades permite que os consumidores poidan dispoñer de produtos con garantías de calidade, que ofrecen un especial valor engadido aos mesmos

A Xunta regulará o rexistro de entidades de control e certificación dos produtos alimentarios de Galicia a través dun decreto elaborado pola Consellería do Medio Rural. Así, a reunión do Consello do Goberno autonómico avaliou o acordo de inicio e consulta previa do anteproxecto do mencionado decreto no que se regulará o contido, a estrutura e o procedemento para a súa inscrición.

O rexistro, contemplado na Lei 1/2024 de calidade alimentaria de Galicia, terá carácter administrativo, público e único, e a inscrición nel terá carácter constitutivo. Será un requisito previo para o inicio da actividade por parte das entidades de control e certificación dos produtos alimenticios que pretendan traballar en Galicia.

As entidades susceptibles de inscribirse son aquelas que desenvolvan ou pretendan desenvolver a súa actividade na nosa comunidade para un alcance polo que non están recoñecidas de xeito definitivo por outra administración pública, e as que operen ou pretendan operar en Galicia e foran autorizadas con carácter definitivo por outra administración pública para un alcance concreto.

Para que este tipo de organizacións poidan desenvolver as funcións que se lle encomendan, deben ter condición de independentes e imparciais e estar sometidas a unha serie de obrigas que garantan a calidade e rigor da súa actuación, a solvencia técnica necesaria. Isto acádase a través da debida acreditación e rexistro.

A defensa da calidade dos produtos alimentarios, especialmente dos produtos de calidade diferenciada, debe estar garantida polas administracións públicas e pola existencia de elementos que permitan identificar sen dificultades a garantía de que o produto que se vai a consumir pasou por sistemas de produción e control certificados. Ao mesmo tempo, serve para asegurar que cumpran os parámetros da

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

seguridade alimentaria, buscando os mecanismos precisos que impidan as fraudes na produción e comercialización, así como a máxima garantía en materia de indicación xeográfica e outros distintivos de calidade.

En definitiva, o labor que realizan estas entidades permite que os consumidores poidan dispoñer de produtos con garantías de calidade, que ofrecen un especial valor engadido aos mesmos, o que se traduce nunha mellora da competitividade no mercado global.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITARÁ ANTES DE QUE REMATE O ANO 16 OBRAS DE MELLORA DE CENTROS EDUCATIVOS POR MÁIS 16 M€ PARA EXECUTAR AO LONGO DE 2026

- Estas actuacións inclúense na partida de 73,6M€ para obras en centros educativos prevista nos orzamentos de 2026 da Consellería de Educación, un 4 % máis
- As novas intervencións inclúen tres ampliacións, unha decena de rehabilitacións integrais, dous cambios de cuberta e o peche lateral dunha pista deportiva
- Enmárcanse no Plan de nova arquitectura pedagóxica, que prevé un investimento de preto de 500 M€ ata 2028 para a creación, ampliación e modernización de centros
- O vindeiro ano estarán en construción tres novos centros: o colexio do Milladoiro (Ames) e os institutos Domingo Villar (Vigo) e Padre Feijoo (O Pereiro de Aguiar)

A Xunta vai licitar por anticipado de gasto, antes de que remate o ano, as primeiras 16 obras de mellora en centros educativos para o ano 2026, cun importe de máis de 16 M€. Estas actuacións inclúense na partida de 73,6M€ para obras en centros educativos recollida nos orzamentos de 2026 da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, un 4 % máis do destinado para este fin neste ano. Isto confirma o compromiso da Xunta coa modernización dos colexios e institutos ao abeiro do Plan de nova arquitectura pedagóxica.

Este investimento abrangue tanto as partidas anuais para as grandes obras en execución, como por exemplo a construción de novos centros, como a realización das novas obras que se anuncian neste consello ou as intervencións de pequena e mediana envergadura que adoitan acometerse nos meses de verán (reformas de baños, tarefas de pintura, pequenas melloras de accesibilidade, obras de humanización ou arranxos de patios, entre moitas outras).

O departamento educativo do Goberno galego ten previsto un investimento de preto de 500 M€ en obras en colexios e institutos de toda a xeografía galega ata 2028 no marco desta folla de ruta. Trátase dunha inxección económica sen precedentes para crear novos centros e ampliar os que presentan máis demanda e mellorar a eficiencia enerxética das instalacións. Ao mesmo tempo, avánzase cara a un novo modelo de centros de ensino, pioneiro, con instalacións adaptadas ás necesidades do ensino do século XXI, máis flexibles, versátiles e cunha maior accesibilidade.

As obras, que se licitarán antes de que remate o ano, céntranse no incremento da capacidade dos centros educativos e na mellora das súas instalacións para facelas máis respectuosas co ambiente. Deste xeito, tres son ampliacións, unha decena de intervencións son rehabilitacións integrais, dúas son cambios de cuberta e outra consiste no peche dunha pista deportiva.

Detalle das intervencións

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cun orzamento conxunto de máis de 4 M€, ampliaranse os institutos de Curtis, Lamas de Abade (Santiago de Compostela) e Muralla Romana (Lugo). No caso de Curtis (1,3 M€) construírse unha nova nave para talleres de mecánica de máis de 362 m² e mellorarase a eficiencia enerxética e confort da existente, entre outras medidas. A intervención no instituto compostelán (1,2 M€) suporá incrementar nun andar unha das alas do edificio, mentres que no lucense (1,5 M€) se construír unha nova edificación que se conectará co edificio existente.

En canto ás rehabilitacións integrais, acometeranse no Colexio O Areal (Camariñas, 1M €), CEIP A Gándara (Narón, 1,4 M€), CEIP Plurilingüe Praia Xardín (Boiro, 1,3 M€), no Centro Integrado de FP Leixa (Ferrol, 1,8 M€), no Instituto IES Sofía Casanova (Ferrol, 1,3 M€), no CEIP San Miguel de Reinante (Barreiros, 400.000€), no CEIP O Seixo (Marín, 1 M€), no CEIP Plurilingüe Pedro Antonio Cerviño (Campo Lameiro, 700.000 €), no CPI Aurelio Marcelino Rey García (Cuntis, 1,1 M€) e no CEIP Plurilingüe Carballal-Cabral (Vigo, 520.000€).

Este tipo de intervencións, que se axustan ás necesidades particulares de cada centro, inclúen desde cambios de cubertas e illamento térmico de fachadas con sistema SATE, ata renovación de fiestras, falsos teitos e luminarias, todas elas encamiñadas a mellorar o confort térmico da comunidade educativa ao tempo que se reduce o consumo enerxético. Complétanse con outras actuacións que precise a comunidade educativa, como a mellora da accesibilidade ou pequenos traballos de acondicionamento.

No que atinxe aos cambios de cuberta, realizaranse no IES Plurilingüe Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 700.000€) e no CEIP O Cruce (Cerceda, 525.000€). No primeiro caso a nova cuberta irá aparafusada á estrutura de madeira existente, con posterior colocación de tella curva do país, dado o carácter histórico do centro. En Cerceda a nova cubrición será de panel sándwich de 30 mm de espesor, sistema idéntico ás cubertas que xa foron mudadas neste colexio.

No caso do Instituto de Porto do Son o orzamento é de 280.000€ para o peche lateral da pista deportiva con paneis prefabricados de formigón e chapa ondulada microperforada de aluminio. Tamén se instalarán canlóns e baixantes e colocarse nova cuberta de panel sándwich nos vestiarios.

Máis de 331 M€ desde 2021

Desde a súa posta en marcha en 2021, o Plan de nova arquitectura pedagóxica inclúe xa preto de 3.000 actuacións, cun investimento do Goberno galego de máis de 331 M€. Esta programación inclúe tanto obras de mellora e rehabilitación como as pequenas e medianas obras do verán, agrupadas no Plan de benestar e accesibilidade na escola, Ben_Estar. Así mesmo, neste marco execútanse obras de construción e ampliación de máis de medio cento de centros educativos, creando prazas onde é necesario, tanto por unha demanda demográfica como polo incremento de matrícula nas ensinanzas de FP.

Neste sentido, cómpre destacar que o vindeiro ano estarán en construción en Galicia tres centros educativos: o novo Colexio do Milladoiro (Ames, 11,6 M€), xa en marcha, e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

os institutos Domingo Villar (Vigo, 18,8 M€), en licitación, e o Instituto Padre Feijoo do Pereiro de Aguiar (9,5 M€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA UNHA PROGRAMACIÓN ESPECIAL POLO 25N CON MÁIS DE 400 ACTUACIÓNS ENCAMIÑADAS Á PREVENCIÓN E SENSIBILIZACIÓN CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

- Está dirixida a todas as franxas de idade e pon especial énfase na mocidade
- Destacan as actividades centradas no ámbito familiar e no educativo, como os obradoiros dos centros Quérote+ ou os programas para o alumnado *O machismo é violencia* e *Por 365 días de respecto e igualdade*
- Terán lugar accións de concienciación en colaboración coa Rede de entidades locais contra a violencia de xénero, que inclúen teatro, exposicións de fotografía ou visionado de documentais, entre outras.
- Darase a coñecer o protocolo para a atención de mulleres con discapacidade vítimas de violencia de xénero

A Xunta de Galicia promove máis de 400 actuacións encamiñadas á prevención e sensibilización contra a violencia de xénero no marco unha programación especial con motivo do 25N, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres. O Consello deu conta hoxe dun informe da Consellería de Política Social e Igualdade sobre o contido desta proposta, dirixida a todas as franxas de idade, poñendo especial énfase en chegar con ela á mocidade.

Este programa arrincou xa o pasado mes de outubro e estenderase ata decembro. Contén unha ampla variedade de accións centradas na educación en valores, a formación e a concienciación. O obxectivo é evitar e corrixir tanto comportamentos machistas como actitudes violentas en todos os ámbitos.

Entre as intervencións que recolle a proposta da Xunta destacan as centradas na xente nova e na familia, e as previstas no ámbito educativo. A través da rede pública de centros Quérote+ realizaranse obradoiros a cargo de profesionais dos campos educativo, sanitario e xuvenil sobre materias como a sexualidade, o benestar emocional, o bo trato e a igualdade.

Participación do alumnado

Así mesmo, alumnado de centros educativos de toda Galicia recibirá charlas de vítimas da violencia de xénero ao abeiro do programa *O machismo é violencia*, realizará actividades e unidades didácticas dentro da iniciativa *Por 365 días de respecto e igualdade* do Plan Proxecta e participará nunha nova edición do concurso de carteis e vídeos.

No ámbito dos concellos e en colaboración coa Rede de entidades locais contra a violencia de xénero, desenvolveranse accións de sensibilización e prevención tan diversas como a representación de obras teatrais a realización de charlas, exposicións fotográficas ou a proxección de documentais e películas.

Tamén destacan as axudas a Anpas, entidades sociais e concellos para servizos de atención, orientación e acompañamento, para asesoramento xurídico especializado ou para accións de fomento da igualdade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, dentro do seu labor divulgativo sobre a problemática da violencia sexual, os Centros de Crise 24 horas realizarán actividades de formación relacionadas coa violencia sexual dirixidas a profesionais implicados na loita contra todas as formas de violencia de xénero.

Guías

Esta programación especial complétase con outras iniciativas de distinta índole, como a presentación do protocolo para a atención de mulleres con discapacidade vítimas de violencia de xénero, a guía de apoio e asistencia xurídica para vítimas de violencias sexuais e as guías de linguaxe non sexista e inclusiva.

A todas estas propostas hai que engadir as campañas e actuacións que durante todo o ano impulsa a Xunta de Galicia, superando a cifra global das 4.500. O obxectivo de todas elas é sensibilizar, previr e combater a violencia de xénero en todas as súas manifestacións e en todos os ámbitos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A COMPETITIVIDADE E A COLABORACIÓN EMPRESARIAL DE PRETO DUNHA VINTENA DE CLÚSTERES GALEGOS CUNS APOIOS QUE SUMAN 2 M€

- O Goberno galego pon en valor o papel dinamizador destas agrupacións na economía galega, destinando axudas para plans de actuación orientados á innovación, á cooperación e á sustentabilidade, promovendo a transferencia de coñecemento e a creación de sinerxías
- O Igape asina unha addenda ao convenio con Feuga para o período 2026-2028, que permitirá seguir ofrecendo un espazo compartido e servizos comúns para favorecer a cooperación e o desenvolvemento conxunto dos clústeres

A Xunta de Galicia continúa a reforzar o seu apoio aos clústeres empresariais como peza clave na consolidación dun modelo económico máis competitivo, innovador e sustentable. Neste sentido, e como coñeceu hoxe o Consello, o Goberno galego destinou este exercicio preto de 2 millóns de euros a programas de financiamento orientados á innovación, á sustentabilidade e á cooperación empresarial, afianzando os clústeres como motores da transformación industrial e da cohesión territorial.

A convocatoria de 2025 beneficiou 19 agrupacións empresariais innovadoras, cun investimento de 1.990.061,84 euros, orientados a proxectos de transferencia de coñecemento, á dixitalización e á creación de ferramentas e observatorios compartidos, que fortalecen a competitividade e a colaboración intersectorial dos clústeres galegos.

Estas axudas, impulsadas pola Consellería de Economía e Industria a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), teñen como finalidade apoiar a posta en marcha de plans de actuación e proxectos de mellora da competitividade sustentable, recoñecendo o papel dinamizador que estas entidades desempeñan na economía galega. Desde a posta en marcha deste programa de apoios, no ano 2013, a Xunta leva investidos algo máis de 12 millóns de euros.

Novo impulso á cooperación

Neste marco, a Xunta mantén a súa colaboración coa Fundación Empresa Universidade Galega (Feuga), prorrogando para o período 2026–2028 o convenio que permite a habilitación dun espazo compartido e servizos comúns destinados a facilitar o funcionamento e a cooperación dos clústeres galegos.

Este espazo, situado nas instalacións de Feuga en Santiago de Compostela, acolle actualmente seis entidades representativas de sectores estratéxicos: o Clúster Saúde Galicia (CSG), o Clúster Agroalimentario (Clusaga), o Clúster Audiovisual (Clag), o Clúster da Madeira e do Deseño (CMD), o Clúster da Comunicación de Galicia e o Clúster Galego de Solucións Ambientais e Economía Circular (Viratec).

O acordo permitirá manter e mellorar este espazo, ofrecendo condicións económicas vantaxosas e servizos de apoio á innovación, á formación e á transferencia tecnolóxica,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

además de fomentar proxectos colaborativos e participación en programas de bolsas da Feuga.

Os clústeres, motores da competitividade galega

O apoio continuado da Xunta busca reforzar os clústeres como ecosistemas de innovación e cooperación, converténdolos en pilas do desenvolvemento industrial e da internacionalización da economía galega.

A través desta política, Galicia impulsa a colaboración entre sectores estratéxicos — entre outros, a automoción, a saúde, o agroalimentario, a comunicación, a madeira, as enerxías renovables ou a economía circular—, promovendo a transferencia de coñecemento, a sustentabilidade e a excelencia empresarial, e consolidando así un modelo competitivo capaz de atraer investimento e reforzar a posición de Galicia nos mercados internacionais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MÁIS DE 70 EMPRESAS DA INDUSTRIA FORESTAL RECIBIRÁN AS AXUDAS DA XUNTA PARA A VALORIZACIÓN E A SEGUNDA TRANSFORMACIÓN DA MADEIRA E DO CONTRACT

- O Goberno galego destina preto de 4,4 millóns de euros ao programa Xera-Valor, cuxos fondos medraron un 11 % nesta convocatoria co obxectivo de pechar o ciclo produtivo na comunidade
- A liña de apoios, deseñada cos principais axentes do sector, está dirixida principalmente ás pemes da industria forestal-madeira e inclúe 6 liñas con importes de ata un máximo de 60.000 euros, que no caso das liñas 1 e 2, poden alcanzar os 250.000 euros
- Esta última convocatoria da resposta a dúas cuestións fundamentais: atender as necesidades de moitos serradoiros galegos que non poden acceder a outras axudas e facilitar os investimentos en tratamentos térmicos para combater os danos causados polo nematodo do piñeiro

O Consello da Xunta coñeceu esta mañá a resolución da última convocatoria do programa Xera-Valor, da que se poderán beneficiar máis de 70 empresas do sector forestal-madeira que poderán desenvolver proxectos para a valorización, segunda transformación e ecoinnovación de produtos forestais, así como para a mellora da seguridade e saúde no ámbito laboral da industria forestal e tamén do contract. A iniciativa está impulsada pola Axencia Galega da Industrial Forestal (Xera), dependente da Consellería de Economía e Industria, e destinará nesta convocatoria 4,4 millóns de euros, un 11 % máis que na anterior.

O programa Xera-Valor recibiu preto dun centenar de solicitudes (98) das que se admitiron a trámite 82. Delas, serán 71 finalmente as que se poidan beneficiar destes apoios cuxos obxectivos pasan por poñer en valor e pechar o ciclo produtivo dos recursos forestais na comunidade a través do impulso da segunda transformación, de maneira que se aproveitan as oportunidades que está a xerar o incremento de produtos derivados da madeira en diversos eidos como o da construción. Os apoios están destinados ás pemes do sector forestal-madeira así como ás asociacións da cadea de valor e empresas que presten servizos de transporte de mercadorías por estrada, e de pemes de calquera sector que desenvolvan solucións ecoinnovativas con madeira.

En canto á intensidade das axudas, é do 50 % ata un máximo de 60.000 euros en todas as liñas agás no caso de actuacións encadradas nas liñas 1 e 2, que ascende a 250.000 euros. Ademais, os apoios poden ser do 70 % no caso da liña 3 se a actuación consume servizos web da Xunta ou se se trata de proxectos que empreguen a ferramenta gratuíta de rastrexabilidade FORTRA.

6 liñas de apoios con novidades

No que respecta ás seis liñas de axuda incluídas nas bases deste ano, cómpre lembrar que a Liña 1 *Competitividade e valorización*, está destinada á adquisición de novo equipamento para a transformación de produtos de orixe forestal non alimentario, así

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

como para os procesos de secado e doutros tratamentos e acabados da madeira. Conta cun orzamento de 750.000 euros. Mentres, a Liña 2, *Mobiliario, contract e construción*, facilita a compra de maquinaria nova vinculada ao deseño e fabricación de mobiliario e á fabricación de elementos para a construción. A partida reservada ascende a 750.000 euros tamén. Estas dúas liñas son as de maior peso inversor na convocatoria deste ano.

No caso da Liña 3 *Dixitalización*, que foi a liña que recibiu un maior número de solicitudes nesta edición, resérvanse 250.000 euros para a xestión integral, dixitalización de procesos e sistemas para a xestión do ciclo de vida, ciberseguridade, intelixencia artificial ou automatización e sensorización, entre outros.

A Liña 4, *Certificacións, ensaios e informes*, que conta con 150.000 euros de orzamento, está dirixida á implantación e certificación da cadea de custodia de produtos forestais, de normativas de calidade e de xestión ambiental, informes, servizos, bens de equipo, tecnoloxías e obras de acondicionamento necesarios para a obtención de certificados ou selos de calidade e medioambientais. Tamén para marcas colectivas rexistradas ou para a implantación do mercado CE de produtos de orixe forestal, entre outros.

A Liña 5 *Seguridade e saúde na contorna laboral* está dirixida á incorporación de servizos para a implantación e certificación do estándar ISO 45001 – xestión da seguridade e saúde no traballo- ou medidas para reducir os riscos de orixe e propagación de incendios, para o que conta cunha partida de 400.000 euros. E, finalmente, a Liña 6 *Ecoinnovación* está destinada ao ecodeseño de produtos ou materiais con madeira, a implantación de solucións de economía circular, así como para introducir ferramentas que permitan analizar diferentes aspectos ambientais nas fases do ciclo de vida. O orzamento desta liña ronda os 150.000 euros.

Este ano, e como novidade, se incorporou a posibilidade de acceso a aqueles serradoiros que superen unha capacidade máxima de transformación de 20.000 metros cúbicos de madeira en rolo ao ano, xa que na actualidade tiñan limitado o acceso á axudas do Plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) en virtude dunha normativa europea. Así mesmo, incluíronse axudas para afrontar as consecuencias provocadas polo nematodo do piñeiro, unha das principais pragas que afecta a esta especie.

Estas achegas están enmarcadas dentro dos obxectivos da Axenda de impulso da industria forestal-madeira, deseñada conxuntamente cos principais axentes do sector para potenciar o sector e impulsar a bioeconomía como motor de competitividade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O 94% DOS CONCELLOS GALEGOS E AS CATRO DEPUTACIÓNS CUMPRIRON A OBRIGA DE INFORMAR SOBRE AS SÚAS CONTAS

- A Consellería de Facenda e Administración pública presentou un informe sobre o cumprimento das obrigas de subministro de información e dos obxectivos de estabilidade e regra de gasto dos concellos e deputacións da Comunidade
- Nos concellos de menos de 5.000 habitantes a principal fonte de financiamento procede das aportacións recibidas da Xunta de Galicia
- O ingreso medio por habitante nos concellos galegos ascende a 1.251 €, e nas deputacións, a 341 €; pola contra, o gasto medio por habitante nos concellos é de 1.153 €, e nos organismos provinciais, 274 €

O 94% dos concellos galegos e as catro deputacións cumpriron a obriga de informar sobre as súas contas. Así se desprende do informe avaliado hoxe no Consello da Xunta, elaborado pola Consellería de Facenda e Administración Pública sobre o cumprimento das obrigas de subministro de información e dos obxectivos de estabilidade e regra de gasto dos concellos e deputacións da Comunidade.

O informe elaborouse cos datos dos concellos e deputacións que cumpriron coa obriga de remisión de información ata novembro deste ano 2025. As catro deputacións e 295 concellos enviaron os datos solicitados, que tiñan como data límite de envío o 31 de marzo. A consellería de Facenda e Administración Pública é o órgano que exerce a tutela financeira das entidades locais e, como tal, elabora o informe que se presentou hoxe no Consello.

Entre os datos, o documento precisa que o ingreso medio por habitante nos concellos galegos ascende a 1.251 € e nas deputacións provinciais é de 341€, sendo nos concellos de menor tamaño o ingreso medio por habitante significativamente maior, ata chegar aos 1.964 euros, nos municipios de menos de 1.500 habitantes.

As principais fontes de financiamento dos concellos son os ingresos polas transferencias recibidas (52% sobre o total dos ingresos) e os tributos propios (44%) e canto menor é o tamaño do concello (en termos de poboación), maior peso acadan as transferencias recibidas da administración autonómica, de xeito que nos concellos de menos de 5.000 habitantes a principal fonte de financiamento procede das aportacións recibidas da Xunta de Galicia.

No que se refire á execución dos gastos, a das deputacións, cun 48%, é notoriamente menor que a dos concellos, que chega ao 72%.

O documento explica tamén que o gasto medio por habitante nos concellos galegos ascende a 1.153 € e nas deputacións provinciais é de 274€. Os concellos con menor poboación teñen un maior peso relativo nos gastos de persoal e en investimentos e son os de maior poboación os que concentran un maior gasto en gastos correntes e servizos e en transferencias correntes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre salientar que tras a reimplantación das regras fiscais, as entidades locais teñen que manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario e cumprir o obxectivo da regra de gasto. As que non o fagan están na obriga de elaborar un plan económico financeiro que permita, no ano en curso e no seguinte, que cumpran eses obxectivos. Un 34% dos concellos galegos teñen que presentar este plan e o 66% restante acada estes obxectivos, sendo máis cumpridores os municipios de menos de 1.500 habitantes e os de máis de 50.000. No caso das deputacións provinciais, as de Lugo e Ourense incumpren a regra de gasto.

Participación nos ingresos do Estado

Se ben 295 concellos dos 313 cumpriron co obriga de aprobación da liquidación e remisión da información, cómpre subliñar que a Administración autonómica fixo dous requirimentos aos concellos que o incumpriron, recordando que este feito pode implicar a retención da participación nos ingresos do Estado (PIE).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA É A ADMINISTRACIÓN QUE MÁIS OBRA PÚBLICA LICITOU EN GALICIA EN 2025, CON 395,2 M€ MOBILIZADOS ENTRE XANEIRO E SETEMBRO

- Rueda salienta que “un de cada tres euros investidos en obra pública” na comunidade proceden do Executivo autonómico, o que supón un incremento do 17,3% respecto a 2004
- Galicia foi a comunidade que máis contratacións realizou cunha media de 174,5€ por habitante, un 35% por enriba da media estatal
- A Administración autonómica superou en 54,3M€ á licitación realizada polo Estado nestes nove meses do 2025
- Dentro da Administración autonómica, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas suma o maior investimento licitado cun total de 205,3 M€ mobilizados
- Desde 2021 a Xunta ten incrementado a licitación nun 58%, mentres que o Estado diminúina nun 41%

O presidente do Executivo autonómico, Alfonso Rueda, destacou hoxe que os últimos datos revelan que “a Xunta lidera a licitación da obra pública en Galicia neste 2025 con máis de 395 millóns de euros mobilizados, o que supón un 17% máis, respecto do ano anterior”.



O Consello da Xunta deu conta hoxe do informe sobre contratación de obra pública por parte das diferentes administracións en Galicia, con datos da Federación Galega da Construción, da Asociación Seopan e da Plataforma de Contratos de Galicia entre xaneiro e setembro, que constata que a Administración autonómica acapara o 32,5% do total licitado en Galicia no citado período, que ascendeu a 1.213 M€. “Un de cada tres euros investidos en obra pública en Galicia proceden da Xunta”, resaltou o presidente.

A cifra de licitación da Xunta supón un incremento do 17,3% respecto do total do pasado ano, e coincide coa declaración neste 2025 da construción como sector industrial estratéxico por parte do Executivo galego.

Tal e como explicou Rueda, a Xunta supera en investimento á Administración xeral do Estado, que licitou 340M€, e que tamén vese superada pola licitación dos concellos, que sumou 352,7M€. Por outra banda, as deputacións licitaron actuacións por 57M€ e as universidades por 68M€.

O presidente indicou que, deste xeito, a Xunta consolida a dinámica dos últimos anos, “xa que desde 2021 aumentou a licitación nun 58%”, mentres que o Estado diminúina nun 41%. Desde ese ano, a Xunta leva licitados máis de 2.190M€ en obra pública e, a nivel estatal, foi a administración dunha Comunidade Autónoma en réxime común (sen considerar Navarra e o País Vasco) que maior contratación realizou, 174,5€ por habitante, un 35% por enriba da media, situada en 128,96€ por habitante.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas

Dentro do Executivo autonómico, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas lidera o esforzo investidor, con 205,3M€ licitados entre xaneiro e setembro, dos que a maior parte corresponden á Axencia Galega de infraestruturas, con 99,3M€.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Pola súa banda, o Instituto Galego de Vivenda e Solo licitou actuacións por 55M€, mentres que a Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, Vipugal, sacou a concurso intervencións por 10,5M€, a Secretaria Xeral Técnica mobilizou 36,8M€ e a Sociedade Pública de Investimentos (SPI) 3,6M€. Mentres, a licitación do Estado en materia de vivenda foi de 0 euros neste período

No resto das consellerías, destaca o investimento mobilizado por Augas de Galicia, que licitou actuacións por 52,7M€, mentres que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional licitou 27,4M€; a Consellería de Política Social e Igualdade, 20,8M€ e a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes un total de 20,2M€.

Licitacións en infraestruturas e vivenda

Entre as actuacións licitadas con cargo aos orzamentos do 2025 en infraestruturas, hai que destacar o novo treito de prolongación da AG-59, entre a AC-241 e O Rollo; o primeiro treito de conversión en autovía da estrada Brión-Noia, entre Brión e Urdilde ou o novo treito da autovía do Baixo Miño AG-42 entre Areas e a PO-350.

No eido da seguridade viaria, licitáronse 43,5M€ en obras de reforzo de firme de estradas de titularidade autonómica, entre elas a renovación extraordinaria de firme da autovía do Barbanza, por 11,9M€.

Por outra banda, desde o Instituto Galego de Vivenda e Solo licitáronse 55M€ en obra de vivendas coma as situadas en Ferrol (24) e Lugo (146), así como a rehabilitación de 48 vivendas do programa Rexurbe en A Coruña (4), Ferrol (13), Lugo (2), Mondoñedo (8), Viveiro (3), Ourense (6), Ribadavia (9) e Tui (3).

O investimento da Xunta, a través do IGVS supera amplamente ao executado polo Estado, que contratou 5,7M€ para obras de vivenda que non é protexida.

Por outra banda, Vipugal licitou neste período obras de construción de vivenda pública en Valdecorvos, en Pontevedra.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O INTECMAR FAI BALANCE DOS RESULTADOS DA REDE DE CONTROL DA SAÚDE DOS MOLUSCOS BIVALVOS COMERCIAIS NA COMUNIDADE NO 2024

- O axente patóxico máis salientable en Galicia é a *Marteilia cochinillia* que afecta o berberecho desde 2012 causando episodios de mortalidade anormal nas rías de Vigo, Pontevedra e Arousa e que no ano 2024 afectou por primeira vez as rías de Ares-Betanzos e de Ferrol.
- Os polígonos de bateas da ría de Muros-Noia mantéñense un ano máis libres de *Marteilia refringens* e segue sen detectarse ameixas infectadas polo parasito *Perkinsus olseni* nesta zona
- Este centro autonómico publica anualmente esta información na súa web co obxectivo de que sexa accesible para os produtores, asistencia técnica das confrarías, investigadores e o conxunto da cidadanía

O Consello da Xunta analizou o último informe anual da rede de control da Unidade de Patoloxía do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar), sobre o estado da saúde dos moluscos bivalvos comerciais nas zonas de produción da comunidade. O documento amosa os resultados do traballo realizado ao longo do anterior exercicio a través de diversos puntos de mostraxe espallados por todo o litoral galego e da análise de mostras vinculadas con episodios de mortalidade anormal para o seu estudo.

O documento abarca a análise de especies como o mexillón, a ostra plana, a ostra rizada, ameixas, berberechos e solénidos. No informe revélase que o axente patóxico máis salientable continúa a ser a *Marteilia cochinillia*, que afecta o berberecho desde 2012, causando episodios de mortalidade anormal nas rías de Vigo, Pontevedra e Arousa e que o ano pasado se detectou por primeira vez nunha mostra do Golfo Ártabro, polo que se puxo en marcha un cribado dos bancos marisqueiros, localizándose tanto na ría de Ferrol como na de Ares-Betanzos.

Pola contra, os polígonos de bateas da ría de Muros-Noia, marxe sur da ría de Pontevedra e ría de Aldán, mantense un ano máis libre de *Marteilia refringens*. No relativo aos resultados acadados en mostras de ameixa, segúese sen detectarse ameixas infectadas polo parasito *Perkinsus olseni* na ría de Muros-Noia. A mera presenza deste parasito non compromete o estado de saúde dos exemplares, pero é un potencial axente de risco ante condicións favorables para a súa multiplicación.

O Intecmar é un centro creado en 2004 con competencias, entre outras, no ámbito da seguridade alimentaria, a sanidade animal, centrado no seguimento e control das patoloxías que afectan os moluscos bivalvos, e na observación do océano, seguridade marítima e loita contra a contaminación mariña. O seu traballo sitúa Galicia á vangarda a nivel internacional destacando entre os seus fitos a súa acreditación, en 2009, pola Entidade Nacional de Acreditación Española (ENAC) segundo a Norma UNE EN-ISO 17025, dos ensaios para a detección de *Bonamia* spp., *Marteilia* spp. e *Perkinsus* spp. mediante a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

técnica histopatolóxica. Así, foio o primeiro laboratorio europeo de patoloxías de moluscos en acadar esta acreditación.

Este centro autonómico publica anualmente esta información na súa web (<http://www.intecmar.gal/Informacion/Patoloxia/Default.aspx?sm=e>), para a súa divulgación, cumprindo cos principios de transparencia e accesibilidade universal da información pública, co obxectivo de que sexa accesible para os produtores, asistencia técnicas das confrarías, investigadores e o conxunto da cidadanía.